

N. Expediente 1507/2020

Asunto **INFORME RESUMO ANUAL DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO
EXERCICIO 2019 - CONCELLO DE CAMBADOS**

INFORME DE INTERVENCIÓN

I. INTRODUCCIÓN

1.- Normativa en base á cal se elabora o informe.

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Hacendas Locais (TRLRFL).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RD 424/2017).
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional (RD 128/2018).
- Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións á que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude de informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local (BOE nº 96, do 6 de abril de 2020, páxs. 28344 a 28351).
- Real Decreto Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 (RD 11/2020)

A LRSAL, ao modificar os artigos 213 e 218 do TRLRFL, incorporou á normativa reguladora do control e fiscalización das entidades locais procedementos e obrigacións cos que se perseguía dotar de maior transparencia á xestión pública local e de maior transcendencia aos resultados do control, contribuíndo a facilitar o coñecemento global da problemática na xestión regular dos recursos públicos no ámbito local.

O artigo **213 do TRLRFL**, sobre o control interno, tras a modificación operada pola LRSAL, dispón:

“Exerceranse nas Entidades Locais coa extensión e efectos que se determina nos artigos seguintes as funcións de control interno respecto da súa xestión económica, dos organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes, nas súas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente, e función de control da eficacia.

A proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o Goberno establecerá as normas sobre os procedementos de control, metodoloxía de aplicación, criterios de actuación, dereitos e deberes do persoal controlador e destinatarios dos informes de control, que se deberán seguir no desenvolvemento das funcións de control indicadas no apartado anterior.

Os órganos interventores das Entidades Locais remitirán con carácter anual á Intervención Xeral da Administración do Estado un informe resumen dos resultados



dos citados controis desenvolvidos en cada exercicio, no prazo e co contido que se regulen nas normas indicadas no parágrafo anterior.”

En desenvolvemento desta previsión o **RD 424/2017** dispuxo:

“Artigo 37. Informe resumen.

1. O órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumen dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2. O informe resumen será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e de función interventora realizadas no exercicio anterior.*

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das Entidades Locais.

* Según interpretación da IGAE o prazo para a remisión da información e documentación sobre control interno do exercicio 2019 estaría ampliado por unha duración equivalente á do estado de alarma.

Artigo 38. Plan de acción.

1. O Presidente da Corporación formalizará un plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe resumen referido no artigo anterior.

2. O plan de acción elaborarse no prazo máximo de 3 meses desde a remisión do informe resumen ao Pleno e conterá as medidas de corrección adoptadas, o responsable de implementalas e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

3. O plan de acción será remitido ao órgano interventor da Entidade Local, que valorará a súa adecuación para liquidar as deficiencias sinaladas e no seu caso os resultados obtidos, e informará o Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económico financeira.

4. Na remisión anual á Intervención Xeral da Administración do Estado do informe resumen dos resultados do control interno informarase, así mesmo, sobre a corrección das debilidades postas de manifesto.”

Conforme ao mandato imposto polo punto terceiro do artigo 37 do RD 424/2017, a Intervención Xeral da Administración do Estado ditou a **Resolución de 2 de abril de 2020**, pola que se establecen as instrucións ás que debe axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen. Na súa virtude, emítese o presente informe no que se inclúe un resumo anual dos principais resultados obtidos nas actuacións inherentes á función interventora e o control financeiro para o exercicio 2019 do Concello de Cambados, e co obxectivo de ser elevado á Alcaldesa e a través súa ao Pleno da Corporación, e finalmente á Intervención Xeral da Administración do Estado a través da aplicación web RICEL (<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es>).

2.- Réxime de control.

Dado que nesta entidade local aplícase e resúltalle aplicable o modelo normal de contabilidade, o seu réxime de control é o ordinario.



O control interno da actividade económico-financieira do Concello de Cambados exercese polo órgano interventor mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro.

a) Respecto da función interventora -que ten por obxecto controlar os actos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles derívense, e o investimento ou aplicación en xeral dos fondos públicos- aplícase nesta Entidade o réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos no caso dos gastos e a toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores no caso dos ingresos, tal e como se estableceu por acordo do Pleno da Corporación na súa sesión de 02/07/2018.

b) O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión axústase aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos atópase orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais. O control financeiro así definido comprende as modalidades de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 TRLRFL. Finalmente, tamén debe exercerse o control financeiro de subvencións sobre entidades colaboradoras e beneficiarios de subvencións e axudas concedidas polas entidades que integran o sector público institucional desta entidade local, de acordo co que establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de Subvencións.

Sobre o exercicio pola Intervención do control interno, o **artigo 4 do RD 424/2017** dispón:

"1. O órgano interventor da Entidade Local, no exercicio das súas funcións de control interno, estará sometido aos principios de autonomía funcional, exercicio desconcentrado e procedemento contraditorio.

2. O órgano interventor da Entidade Local exercerá o control interno con plena autonomía respecto das autoridades e demais entidades cuxa xestión sexa obxecto do control. A tales efectos, os funcionarios que o realicen, terán independencia funcional respecto dos titulares das entidades controladas.

3. O órgano interventor disporá dun modelo de control eficaz e para iso deberánselle habilitar os medios necesarios e suficientes.

Para estes efectos o modelo asegurará, con medios propios ou externos, o control efectivo de, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado do exercicio mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro. No transcurso de tres exercicios consecutivos e en base a unha análise previa de riscos, deberá alcanzar o cento por cento do devandito orzamento.

4. O órgano interventor da Entidade Local dará conta aos órganos de xestión controlados dos resultados máis relevantes das comprobacións efectuadas e recomendará as actuacións que resulten aconsellables. De igual modo, dará conta ao Pleno dos resultados que pola súa especial transcendencia considere adecuado elevar ao mesmo e informaralle sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto con expresa mención do grao de cumprimento dos apartados anteriores deste artigo."



II. ALCANCE

1.- Actuacións de control realizadas ao longo do exercicio 2019

As actuacións de control interno limítanse á propia entidade, ao non ter o Concello de Cambados ningunha entidade dependente.

As actuacións de control realizadas durante o exercicio poden sintetizarse como segue:

A.- Función Interventora:

A.1.- Fiscalización previa de actos que recoñezan dereitos de contido económico (ingresos): de acordo co art. 9 do RD 424/2017 e o Acordo plenario de data 02/07/2018, substitúese pola toma en razón en contabilidade.

Non foi elaborado ningún informe de control financeiro posterior dos actos que recoñeceron dereitos de contido económico no ano 2019.

A.2.- Fiscalización previa de gastos, que comprende:

- Fiscalización previa dos actos que autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.
- A intervención do recoñecemento das obrigas e intervención da comprobación material do investimento.
- A intervención formal da ordenación do pago.
- A intervención material do pago.

A función interventora en materia de gastos foi realizada no exercicio 2019 na totalidade dos expedientes, aínda que nalgúns expedientes non se someteron a fiscalización as fases de autorización e compromiso do gasto. Facer constar que o informe de fiscalización ou intervención previa (para cuxa emisión se dispón polo órgano interventor de 5 días hábiles dende que o expediente está completo, con tódolos informes e documentos preceptivos e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente) é emitido en escasos días, en ocasións no mesmo día ou seguinte ao de completarse o expediente, se ben baixo a miña exclusiva responsabilidade, consciente da escaseza de medios tanto no meu como nos demais departamentos que fai que os trámites se dilaten e cheguen a Intervención en moitas ocasións sen prazo real para a fiscalización. Dito isto, tamén son consciente da enorme responsabilidade do meu cargo e de que un dos principios do exercicio de control interno, enumerado no artigo 4 do Real Decreto 424/2017 é o de contar cun modelo de control eficaz, polo que véxome na obriga de subliñar que os expedientes deben ser tramitados coa antelación suficiente para deixar marxe a que eu, como titular do órgano interventor, exerza a fiscalización previa co prazo suficiente para poder realizar un control eficaz.

No exercicio da función interventora emitíronse no exercicio 2019 un total de 125 informes de reparo, o cal é un número moi elevado, e que traen causa principalmente dos seguintes incumprimentos:

- Gastos realizados sen aprobación previa (fundamentalmente contratos menores sen tramitación previa á recepción da factura).
- Expedientes de subvencións nos que faltan trámites esenciais (plan estratéxico de subvencións sen aprobar, contas xustificativas incompletas, falta de



- informes de comprobación polos departamentos responsables, ...)
- Aprobación de nóminas de persoal temporal cuxa contratación non seguiu os trámites preceptivos.
 - Aprobación de facturas correspondentes a gastos que non poden ser considerados contratos menores e que non foron obxecto de licitación.
 - Aprobación de facturas correspondentes a gastos cuxos contratos están vencidos e que non foron obxecto de nova licitación.
 - Aprobación de facturas correspondentes a gastos derivados de actividades coas que o Concello colabora, sen tratarse de bens entregados ou servizos prestados a esta Administración senón que constitúen en realidade unha subvención encuberta.
 - Retribución de servizos extraordinarios ao persoal, tanto laboral como funcionario (horas extraordinarias e gratificacións), sen axeitada tramitación e/ou xustificación e superando nun número considerable de casos o total máximo de horas de servizos extraordinarios ao ano por traballador fixado no Acordo Regulador do persoal funcionario (artigo 43) e no Convenio Colectivo do persoal laboral ó servizo do Concello de Cambados (artigo 44).

Destacar finalmente que, logo de ter advertido reiteradamente por esta Intervención a necesidade de tramitar expedientes de proposta de gasto para dar cumprimento ao disposto no artigo 118 LCSP, no exercicio 2019 realizáronse ao redor de 500 expedientes de proposta de gasto (o programa de xestión de expedientes non permite exportar automaticamente o número exacto). Todos estes expedientes, unha vez creados e realizada a proposta polo departamento responsable do gasto, son remitidos a esta Interventora, sobre a que recae a execución do resto de tramitacións inherentes aos mesmos (Comprobación da documentación, Informe, RC, Resolución, Comunicación). Tal e como se expón no número 2 deste apartado (2.- *Medios disponibles*) é materialmente imposible realizar estas tarefas a maiores de todas as demais que se están a realizar pola Interventora, non dispoñendo de persoal para a súa realización. Isto supón que algo tan importante para a axeitada xestión do gasto e o control da adecuación e existencia de crédito orzamentario, non se este a levando a cabo de xeito eficaz.

B.- Control financeiro:

Para levar a cabo unha axeitada planificación do control financeiro, o órgano interventor debe elaborar un Plan Anual de Control Financeiro (PACF) que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública (no Concello de Cambados esta última non procede) a realizar durante o exercicio.

Este PACF incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos, entendido o risco como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

O PACF, así como as súas modificacións, serán remitidos ao Pleno a efectos informativos.

No exercicio 2019 esta Intervención non elaborou o PACF, nin foron seleccionadas



actuacións de control permanente sobre a base dunha análise de riscos, polo que no informe resumen do control interno de 2019, no que atinxe ao control financeiro, unicamente poden enumerarse aquelas actuacións de control permanente que derivan dunha obriga legal. A este respecto remítome ao recollido na táboa que figura no número 2 deste apartado (2. Medios dispoñibles) onde se recollen as actuacións de control permanente que derivan dunha obriga legal realizadas por esta Intervención.

B.1.- Control financeiro dos beneficiarios de subvencións e axudas percibidas con cargo ao Orzamento xeral da Entidade Local:

A maiores, o órgano interventor exercerá o control sobre entidades colaboradoras e beneficiarios de subvencións e axudas concedidas polos suxeitos que integran o sector público local, que se atopen financiadas con cargo aos seus orzamentos xerais, de acordo ao establecido na Lei Xeral de Subvencións.

No exercicio 2019 non se realizou ningún control financeiro dos beneficiarios de subvencións.

2.- Medios dispoñibles

A Intervención do Concello de Cambados non contou no exercicio 2019, nin conta na actualidade, con medios necesarios e suficientes para desenvolver un modelo de control eficaz nos termos que establece o artigo 4 do Real Decreto 424/2017.

Esta circunstancia foi informada de forma reiterada por esta Intervención nos informes emitidos no exercicio da función interventora. Informes dos que se dou conta ao Pleno.

O departamento de Intervención do Concello de Cambados, segundo a Relación de Postos de Traballo vixente para o exercicio 2019, ten unha estrutura de persoal composta por: 1 Interventor/a Habilitado Nacional, 1 Técnico/a de Intervención e Tesoureía, 2 Administrativo/a e 1 Oficial de apoio a Intervención (Auxiliar).

A dotación real e efectiva de persoal adicado a funcións propias da Intervención no exercicio 2019, así como na actualidade, é de 1 Interventor/a Habilitado Nacional e 1 Oficial de apoio a Intervención (Auxiliar).

A Técnico/a de Intervención e Tesoureía adícase maioritariamente a funcións de tesourería, realizando no ámbito da Intervención funcións de mecanización dunha parte dos asentos contables (todos os relativos aos ingresos, os asentos de recoñecemento das nóminas e os asentos de compromiso e recoñecemento das subvencións por concorrencia) e algún trámite puntual en expedientes de aprobación de gastos financeiros (comisións bancarias) e de tributos a pagar polo Concello.

Os 2 postos de Administrativo/a están sen cubrir.

Esta mesma carencia de medios persoais tamén se advirte noutros departamentos con repercusión no órgano interventor, como é o caso da Secretaría, que non conta con ningún Técnico de Administración Xeral e tendo así mesmo sen cubrir postos de persoal Administrativo.

Así mesmo, advírtese da carencia de recursos materiais, especialmente de arquivo e tratamento de información e documentación ordenada sobre a propia entidade e de fácil acceso, así: Rexistro de persoal; Inventario de bens actualizado; Rexistro de Contratos; Rexistro de Convenios; Rexistro de Subvencións; Rexistro de expedientes relativos ao área económica, especialmente os anteriores á implantación da



administración electrónica.

Como consecuencia desta carencia de medios, realizáronse durante o exercicio 2019 e continúan realizándose actualmente, por esta Interventora tarefas que non forman parte das súas funcións propias e fixadas na lexislación, deixando de realizar outras que si están asignadas especificamente ao órgano interventor.

Na táboa que insiro de seguido fago unha enumeración das tarefas desempeñadas materialmente nos expedientes e que se dan cunha maior regularidade no Concello de Cambados, outros máis esporádicos non están incluídos dada a súa escasa relevancia.

TIPO DE EXPEDIENTE	TAREFAS EXECUTADAS POLA INTERVENTORA HABILITADA	FUNCIÓNS ATRIBUÍDAS AO ÓRGANO INTERVENTOR
Elaboración e aprobación do orzamento	Apertura e elaboración do expediente íntegro (agás o informe económico-financieiro) que contén:	
	Memoria da alcaldía	
	Informe económico-financieiro	
	Anexo de investimentos reais	
	Anexo de persoal (funcionario, laboral, órganos de goberno)	
	Cadro de persoal	
	Anexo de convenios subscritos coa Comunidade Autónoma en materia de servizos sociais	
	Anexo de beneficios fiscais	
	Anexo da débeda	
	Documentos contables do anteproxecto de orzamento, que inclúe previamente a carga das aplicacións orzamentarias do anteproxecto no programa de contabilidade cos seus importes	
	Cálculo dos gastos de persoal cos incrementos retributivos correspondentes tanto fixados pola LOXE como pola aplicación da RPT	
	Adaptación das bases de execución do orzamento á normativa vixente	
	Avance da liquidación do exercicio en curso	Función de contabilidade do órgano interventor
	Informe de intervención	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Informe de intervención sobre cumprimento das regras fiscais fixada na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (estabilidde orzamentaria, regra de gasto, nivel de débeda pública)	Informe de intervención sobre cumprimento das regras fiscais fixada na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (estabilidde orzamentaria, regra de gasto, nivel de débeda pública) (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
Proposta da alcaldía ao Pleno		
Anuncio de aprobación inicial		
Anuncio de aprobación definitiva		
Carga do novo orzamento no sistema de información contable		
Remisión do orzamento a través da Oficina Virtual das Entidades Locais (AUTORIZA)	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade	
Modificacións de crédito (sinálanse os expedientes mais habituais)	Apertura e elaboración do expediente íntegro, que contén:	
	Xeracións de crédito	
	Providencia da alcaldía	



TIPO DE EXPEDIENTE	TAREFAS EXECUTADAS POLA INTERVENTORA HABILITADA	FUNCIÓNS ATRIBUÍDAS AO ÓRGANO INTERVENTOR
	Informe de intervención	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Decreto de alcaldía	
	Apertura proxecto de gasto con financiamento afectado no sistema de información contable	
	Contabilización do expediente de modificación de crédito e retención de crédito nas aplicacións orzamentarias afectadas	
	Transferencia de crédito	
	Providencia da alcaldía	
	Memoria da alcaldía	
	Certificado de intervención sobre existencia de crédito nas aplicacións que ceden crédito e contabilización documento contable de retención de crédito	Certificado de intervención sobre existencia de crédito nas aplicacións que ceden crédito e contabilización documento contable de retención de crédito
	Informe de intervención	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Decreto de alcaldía	
	Contabilización do expediente de modificación de crédito e retención de crédito nas aplicacións orzamentarias afectadas	
	Incorporación de remanentes de crédito	
	Providencia da alcaldía	
	Memoria da alcaldía	
	Certificado de intervención sobre existencia de remanentes de crédito incorporables	Certificado de intervención sobre existencia de remanentes de crédito incorporables
	Informe de intervención	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Informe de intervención sobre cumprimento da estabilidade orzamentaria se o financiamento é co remanente de tesourería	Informe de intervención sobre cumprimento da estabilidade orzamentaria se o financiamento é co remanente de tesourería (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Decreto de alcaldía	
	Contabilización do expediente de modificación de crédito e das fases contables que procedan (RC, A, D, AD)	
	Créditos extraordinarios e suplementos de crédito	
	Providencia da alcaldía	
	Memoria da alcaldía	
	Informe de intervención	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Informe de intervención sobre cumprimento da estabilidade orzamentaria	Informe de intervención sobre cumprimento da estabilidade orzamentaria (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Proposta da alcaldía ao Pleno	



TIPO DE EXPEDIENTE	TAREFAS EXECUTADAS POLA INTERVENTORA HABILITADA	FUNCIÓNS ATRIBUÍDAS AO ÓRGANO INTERVENTOR
	Anuncio de aprobación inicial	
	Anuncio de aprobación definitiva	
	Contabilización do expediente de modificación de crédito e das fases contables que procedan	
Subvencións nominativas	Apertura e elaboración do expediente íntegro, que contén:	
	Verificación de que a documentación presentada para a solicitude é correcta, se non o fose, redacción do escrito de emenda	
	Informe de intervención de fiscalización previa da concesión	Informe de intervención de fiscalización previa da concesión (control interno, na modalidade de función interventora)
	Proposta da alcaldía á Xunta de Goberno Local de concesión da subvención nominativa	
	Contabilización da fase AD	
	Verificación de que a documentación presentada para a xustificación é correcta, se non o fose, redacción do escrito de emenda, ou requirimento de presentación da conta xustificativa	
	Informe de intervención de fiscalización previa de aprobación da conta xustificativa	Informe de intervención de fiscalización previa de aprobación da conta xustificativa e pagamento (control interno, na modalidade de función interventora)
	Proposta da alcaldía á Xunta de Goberno Local de aprobación da conta xustificativa	
	Contabilización do recoñecemento da obriga (fase O)	
Subvencións directas	Apertura e elaboración do expediente íntegro, que contén:	
	Verificación de que a documentación presentada para a solicitude é correcta, se non o fose, redacción do escrito de emenda	
	Memoria da alcaldía xustificativa das razóns culturais, humanitarias, sociais ou doutra índole que xustifican a concesión	
	Informe de intervención de fiscalización previa da concesión	Informe de intervención de fiscalización previa da concesión (control interno, na modalidade de función interventora)
	Proposta da alcaldía á Xunta de Goberno Local de concesión da subvención	
	Contabilización da fase AD	
	Verificación de que a documentación presentada para a xustificación é correcta, se non o fose, redacción do escrito de emenda, ou requirimento de presentación da conta xustificativa	
	Informe de intervención de fiscalización previa de aprobación da conta xustificativa	Informe de intervención de fiscalización previa de aprobación da conta xustificativa e pagamento (control interno, na modalidade de función interventora)
	Proposta da alcaldía á Xunta de Goberno Local de aprobación da conta xustificativa	
	Contabilización do recoñecemento da obriga (fase O)	
	Providencia da Alcaldía	



TIPO DE EXPEDIENTE	TAREFAS EXECUTADAS POLA INTERVENTORA HABILITADA	FUNCIÓNS ATRIBUÍDAS AO ÓRGANO INTERVENTOR
Subvencións de concorrencia competitiva	Informe de fiscalización previa das bases e da convocatoria (fase A)	Informe de fiscalización previa das bases e da convocatoria (fase A) (control interno, na modalidade de función interventora)
	Redación do extracto da convocatoria a publicar no BOP	
	Comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de aprobación da convocatoria,	Comunicación á BDNS como órgano responsable desa comunicación
	Contabilización da fase A	
	Proposta da alcaldía á Xunta de Goberno Local de concesión das subvencións	
	Informe de fiscalización previa da concesión (fase D)	Informe de fiscalización previa da concesión (fase D) (control interno, na modalidade de función interventora)
	Redación e publicación do Anuncio de concesión	
	Proposta da alcaldía á Xunta de Goberno Local de aprobación da xustificación das subvencións	
	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga (fase O) (control interno, na modalidade de función interventora)
Liquidación do orzamento	Apertura do expediente e actuacións que comprenden:	
	Unha vez rematada a contabilización de gastos e ingresos, revisión do peche contable en colaboración coa Técnica de tesoureira	
	Revisión dos proxectos de gasto para o cálculo correcto das desviacións de financiamento	
	Peche do exercicio contable con asistencia técnica externa	Función de contabilidade do órgano interventor
	Informe de intervención	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Informe de intervención sobre cumprimento das regras fiscais fixada na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (estabilidade orzamentaria, regra de gasto, nivel de débeda pública)	Informe de intervención sobre cumprimento das regras fiscais fixada na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (estabilidade orzamentaria, regra de gasto, nivel de débeda pública) (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Informe sobre as resolucións adoptadas polo Presidente contrarias a reparos, para dar conta ao Pleno xunto coa liquidación do orzamento	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
Remisión da liquidación a través da Oficina Virtual das Entidades Locais (AUTORIZA)	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade	
Conta Xeral	Apertura do expediente e elaboración íntegra da documentación:	
	Formación da Conta Xeral	Función de contabilidade do órgano interventor
	Informe de intervención	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)



TIPO DE EXPEDIENTE	TAREFAS EXECUTADAS POLA INTERVENTORA HABILITADA	FUNCIÓNS ATRIBUÍDAS AO ÓRGANO INTERVENTOR
	Proposta da alcaldía á Comisión Especial de Contas	
	Redación e publicación de anuncio de exposición	
	Proposta da alcaldía ao Pleno	
	Rendición da conta xeral ante os órganos de control externo, a través da plataforma de rendición de contas	
Plans Económico Financeiros	Apertura do expediente e elaboración íntegra da documentación:	
	Elaboración do PEF	
	Informe de intervención	Informe de intervención (control interno, na modalidade de control financeiro, control permanente)
	Proposta da alcaldía ao Pleno	
	Carga do PEF na Ofical Virtual de Entidades Locais e remisión por correo electrónico ao órgano de tutela financeira	Carga do PEF na OVEELL en cumprimento das obrigas de subministro de información impostas ao órgano interventor
	Seguimento do PEF no informe de intervención sobre cumprimento das regras fiscais feito con ocasión da liquidación, comunicación ao Ministerio de Facenda na OVEELL sobre cumprimento do PEF	Comunicación do seguimento do PEF, con carácter anual, función de contabilidade
Nóminas de persoal	Providencia da Alcaldía	
	Informe de fiscalización previa de aprobación das nóminas mensuais	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga (fase O) (control interno, na modalidade de función interventora)
	Resolución da Alcaldía	
Expedientes de contratación	Certificación de existencia de crédito, previa contabilización do documento contable RC	Certificación de existencia de crédito
	Informe de fiscalización previa do expediente de contratación (fase A)	Informe de fiscalización previa do expediente de contratación (fase A) (control interno, na modalidade de función interventora)
	Contabilización da fase A	
	Informe de fiscalización previa da adxudicación	Informe de fiscalización previa da adxudicación (fase D) (control interno, na modalidade de función interventora)
	Contabilización da fase D	
	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga (fase O) (control interno, na modalidade de función interventora)
Contratos menores / Propostas de gasto	Certificación de existencia de crédito e Informe cumprimento artigo 118 LCSP	Certificación de existencia de crédito
	Contabilización do documento contable RC	
	Resolución de aprobación do gasto	
	Comunicación ao contratista	
	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga e ordenación do pago (control interno, na modalidade de función interventora)
	Resolución de aprobación da factura/s	
Aprobación de relacións de facturas	Providencia de Alcaldía	



TIPO DE EXPEDIENTE	TAREFAS EXECUTADAS POLA INTERVENTORA HABILITADA	FUNCIÓNS ATRIBUÍDAS AO ÓRGANO INTERVENTOR
	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga (control interno, na modalidade de función interventora)
	Resolución de Alcaldía	
Pagos a xustificar	Apertura do expediente e elaboración íntegra da documentación:	
	Providencia da alcaldía incoación da concesión	
	Informe de fiscalización previa da concesión do pago a xustificar	Informe de fiscalización previa (control interno, na modalidade de función interventora)
	Decreto de alcaldía	
	Providencia da alcaldía incoando aprobación da conta xustificativa rendida polo habilitado	
	Informe de fiscalización da conta xustificativa do pago a xustificar	Informe de fiscalización previa (control interno, na modalidade de función interventora)
	Decreto de alcaldía aprobando a conta xustificativa	
Outras obrigas subministración de información	A través da Oficina Virtual de Entidades Locais:	
	Execución orzamentaria trimestral	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade
	Período medio de pago trimestral	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade
	Informe de morosidade trimestral	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade
	Esfuerzo fiscal anual	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade
	Información impositiva municipal anual	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade
	Información sobre o Plan orzamentario a medio prazo	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade
	Líneas fundamentais dos Orzamentos	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade
	Na plataforma de rendición de contas:	
	Remisión das resolucións contrarias a reparos; principais anomalías detectadas en materia de ingresos; expedientes con omisión de fiscalización previa; información sobre o réxime de control interno	Obriga subministración información imposta ao órgano interventor, función de contabilidade
Asistencia a recepción de obras/subministracións/servizos non menores	Asistencia a recepción de obras/subministracións/servizos non menores, no exercicio da función interventora de comprobación material do investimento	Fiscalización previa (control interno, modalidade función interventora)
Asistencias a órganos colexiados	Apertura do expediente e actuacións que comprenden:	
	Liquidación das asistencias á vista do certificado de secretaría	
	Proposta de aprobación	

TIPO DE EXPEDIENTE	TAREFAS EXECUTADAS POLA INTERVENTORA HABILITADA	FUNCIÓNS ATRIBUÍDAS AO ÓRGANO INTERVENTOR
	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga e ordenación do pago	Informe de fiscalización previa (control interno, na modalidade de función interventora)
	Decreto de alcaldía	
Asignación a grupos políticos municipais	Apertura do expediente e elaboración íntegra da documentación:	
	Proposta de aprobación	
	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga	Informe de fiscalización previa (control interno, na modalidade de función interventora)
	Decreto de alcaldía	
Liquidacións cuatrimestrais Mancomunidade do Salnés	Apertura do expediente e elaboración íntegra da documentación:	
	Proposta de aprobación	
	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga Contab	Informe de fiscalización previa (control interno, na modalidade de función interventora)
	Contabilización do recoñecemento da obriga (fase O)	
	Decreto de alcaldía	
Liquidacións semestrais Consorcio de Igualdade	Apertura do expediente e elaboración da práctica totalidade da documentación:	
	Proposta de aprobación	
	Informe de fiscalización previa do recoñecemento da obriga	Informe de fiscalización previa (control interno, na modalidade de función interventora)
	Contabilización do recoñecemento da obriga (fase O)	
	Decreto de alcaldía	

III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

Conclusións relevantes que se deducen das actuacións de control realizadas e recomendacións derivadas das mesmas:

A. Función Interventora

A.1.- Fiscalización previa de actos que recoñezan dereitos de contido económico (ingresos):

Conclusións:

Como xa se fixo constar non foi elaborado ningún informe de control financeiro posterior dos actos que recoñeceron dereitos de contido económico no ano 2019.

A fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local cando sexa substituída polo control inherente á toma de razón en contabilidade esixe o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

O órgano interventor disporá dun modelo de control eficaz e para iso deberánselle habilitar os medios necesarios e suficientes

Recomendacións:

Dotar ao órgano interventor dos medios necesarios para poder dar cumprimento ao control posterior dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local mediante o exercicio do control financeiro.

A.2.- Fiscalización e Intervención previa de gastos:

Conclusións:



- A Intervención do Concello de Cambados non conta con medios necesarios e suficientes para realizar a fiscalización e intervención previa de gastos de xeito eficaz.
- Os expedientes son tramitados nun alto porcentaxe de casos sen antelación suficiente para deixar marxe a que o órgano interventor exerza a fiscalización previa co prazo suficiente para poder realizar un control eficaz.
- Nos expedientes de subvencións faltan trámites e documentos esenciais.
- Non se teñen tramitado expedientes de licitación de contratos conforme as normas de contratación pública (subministracións e servizos continuados, contratos que servizos esenciais con contratos vencidos, ...). Isto é consecuencia fundamentalmente da falta de persoal na área de contratación, que só conta cunha traballadora da subescala auxiliar, tanto no 2019 como actualmente.
- Apróbanse de xeito reiterado como gastos propios -fundamentalmente nas áreas de cultura e deportes- os derivados de actividades coas que o Concello colabora, constituíndo en realidade subvencións encubertas.
- Existe un abuso e deficiente tramitación dos servizos extraordinarios do personal tanto laboral como funcionario.

Recomendacións:

- Dotar ao órgano interventor dos medios necesarios para realizar a fiscalización e intervención previa de gastos de xeito eficaz.
- Dotar a outros departamentos e áreas que teñen repercusión no exercicio da función interventora, especialmente o departamento de Secretaría, ao que está adscrito entre outros o persoal encargado da contratación ou da elaboración das nóminas, áreas fundamentais para unha correcta e regulamentaria xestión do gasto.
- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións conforme ao establecido polo art. 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal: *“Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”*
- Esixir o cumprimento das disposicións aplicables en materia de servizos extraordinarios, levar un control estrito, limitar os servizos extraordinarios aos que efectivamente respondan as causas fixadas tanto no Acordo como no Convenio do persoal municipal, así como na lexislación vixente. Analizar as causas dese exceso de horas extraordinarias, co fin de determinar se hai problemas na organización e xestión do persoal (horarios, cuadrante de quendas, necesidade de máis efectivos, etc.) ou de insuficiencia de efectivos.

B.- Control financeiro:

Conclusións:

No exercicio 2019 non se elaborou o Plan Anual de Control Financeiro (PACF), nin foron seleccionadas actuacións de control permanente sobre a base dunha análise de riscos, polo que no que atinxe ao control financeiro unicamente se realizaron aquelas actuacións de control permanente que derivan dunha obriga legal. Así mesmo non se realizou ningún control financeiro dos beneficiarios de subvencións.

Reitérase a insuficiencia de medios para a realización das funcións de control interno.

Recomendacións:

Dotar ao órgano interventor dos medios necesarios para poder dar cumprimento ás actuacións de control financeiro.

IV. DEFICIENCIAS QUE REQUIREN A ADOPCIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS A



TRAVÉS DUN PLAN DE ACCIÓN

Enumeración priorizada das medidas correctoras que se considera que se teñen que incluír no Plan de acción que ten que formular a Alcaldesa:

1.- Dotar ao órgano interventor dos medios necesarios e suficientes para desenvolver un modelo de control eficaz nos termos que establece o artigo 4 do Real Decreto 424/2017.

- As tarefas administrativas realizadas por esta Interventora relacionadas no cadro inserido no apartado II. 2. (*Medios dispoñibles*) deberán ser desempeñadas por persoal administrativo, ademais da colaboración deste persoal no exercicio do control interno. A tal efecto deben levarse a cabo os procesos de selección e provisión de persoal necesarios para cubrir os postos vacantes no departamento.
- Hai outras tarefas que revisten unha especial dificultade técnica (documentación técnica do orzamento; informes técnico económicos; liñas fundamentais do orzamento; plan orzamentario a medio prazo; elaboración do documento técnico Plan Económico Financeiro; cálculo dos gastos de persoal para o anexo de persoal dos orzamentos ...) e outros propios de persoal técnico que deben ser desempeñados por funcionarios da escala de administración xeral, corpo superior (subgrupo A1) ou de xestión (subgrupo A2), ademais da colaboración no exercicio do control interno. A tal efecto deben levarse a cabo os procesos de reordenación e eficiente asignación de funcións entre o persoal técnico dentro do propio ou doutros departamentos relacionados.
- Informo tamén, en canto ao control financeiro dos beneficiarios das subvencións, das previsións contidas nas Disposicións adicionais segunda e cuarta da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

Disposición adicional segunda. Colaboración da Intervención Xeral da Administración do Estado con outras Administracións públicas, nas actuacións de control financeiro de subvencións.

“2. As corporacións locais poderán solicitar da Intervención Xeral da Admin Estado a realización dos controis financeiros sobre beneficiarios de subvencións concedidas por estes entes, suxeitándose o procedemento de control, reintegro e o réxime de infraccións e sancións ao previsto nesta lei.”

Disposición adicional cuarta. Contratación da colaboración para a realización de controis financeiros de subvencións con auditores privados.

“1. A IGAE poderá solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría para a realización de controis financeiros de subvencións nos termos previstos na Lei Xeral Orzamentaria.

2. En calquera caso, corresponderá á IGAE a realización daquelas actuacións que supoñan o exercicio de potestades administrativas.

3. A mesma colaboración poderán solicitar as corporacións locais para o control financeiro das subvencións que concedan, quedando tamén reservadas aos seus propios órganos de control as actuacións que supoñan o exercicio das potestades administrativas.”

2.- Dotar dos medios necesarios e suficientes ao departamento de Secretaría, ao que está adscrito entre outros o persoal da área de contratación así como ou persoal encargado da selección e xestión do persoal e da elaboración das nóminas, áreas fundamentais para unha xestión do gasto eficaz e axustada a dereito.



3.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións conforme ao establecido polo art. 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal: “Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”

4.- Implantar unha política eficiente da xestión do persoal no tocante á prestación de servizos extraordinarios.

- Análise e reordenación dos efectivos co obxectivo de limitar e controlar a prestación de servizos extraordinarios polo persoal municipal, dando cumprimento ás disposicións legais aplicables..

V. VALORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN.

No exercicio anterior ao que fai referencia o control que se inclúe neste informe non foi elaborado pola Alcaldía o correspondente Plan de acción previsto no artigo 38 do RD 424/2017, sendo o 2019 o primeiro exercicio sobre o que se emite o informe resume dos resultados do control interno.

Do presente Informe dase traslado á Alcadesa para a súa remisión ao Pleno. Así mesmo remitirase á Intervención Xeral da Administración do Estado a través da aplicación web RICE (<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es>).

Á vista do mesmo, a Alcadesa deberá formalizar o correspondente Plan de Acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos detectados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

